

## **ACTA NÚM. 6 – DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA DEZ DE ABRIL DE 2015.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dez horas e trinta minutos** do día **dez de abril de 2015**, reúnese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria e urxente.

### **A S I S T E N:**

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, **Alcalde-Presidente.**

### **CONCELLEIROS/AS:**

#### **Grupo Municipal PP:**

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.  
Don Luís Meijide Rodríguez.  
Don José María Rosende Rico.  
Dona Marta González Vázquez.  
Don Ramón Quiroga Limia.  
Don Manuel Martínez Varela.  
Dona María José Corral López.  
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.  
Dona María Jesús Amparo Sáinz García.  
Dona Teresa María Gutiérrez López.  
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.  
Dona M<sup>a</sup> Teresa Cancelo Márquez.

#### **Grupo Municipal PSdeG-PSOE:**

Don Benardino Higinio Rama Seoane.  
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales  
Don Francisco Reyes Santiás.  
Don Gonzalo Muíños Sánchez.  
Dona M<sup>a</sup> de los Ángeles Gómez Bugallo.  
Dona Rosario Valledor Puente.

#### **Grupo Municipal BNG:**

Don Rubén Cela Díaz.  
Dona Elvira Cienfuegos López.

Don Rafael Xesús Vilar González.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **Interventora do Concello.**

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asisten a/os concelleira/os, Dona Mar Martín García, Don José A. Baqueiro Canabal e Don Álvaro González Álvarez.

## **ORDE DO DÍA:**

- 1. Ratificación, se procede, da urxencia da sesión.**
- 2. Dar conta de decreto de liquidación do orzamento de 2014.**
- 3. Aprobación de crédito extraordinario nº 2015-CREXT-00, para investimentos financiados con cargo a remanente de tesourería afectado.**
- 4. Aprobación dos expedientes de suplemento de crédito nº 2015-SUPLE-01 e de crédito extraordinario nº 2015-CREXT-01.**
- 5. Aprobación de crédito extraordinario nº 2015-CREXT-02, para dar cobertura aos xuros por mora derivados das sentenzas recaídas en procedementos xudiciais en materia salarial.**

Cumpriméntase así:

### **1. RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.**

Aberta a sesión, en cumprimento do disposto no artigo 46.2.b da Lei 7/85 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o **Sr. Alcalde-presidente** somete á consideración do Pleno á ratificación da urxencia da sesión.

Por 13 votos a favor, correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular e 9 abstencións correspondentes aos conselleiros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos 3 do BNG, o pleno, acorda ratificar a urxencia da sesión.

### **2. DAR CONTA DE DECRETO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2014.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación do Decreto de data 27 de febreiro de 2015, número 1905/2015 que ten o seguinte contido:

“De conformidade co establecido no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no artigo 90 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril,

RESOLVO:

PRIMEIRO: aprobar a liquidación do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2014 de acordo co informe de Intervención, segundo o seguinte detalle:

**RESULTADO ORZAMENTARIO**

| <b>1.- OPERACIONES NON FINANCEIRAS</b>                              | <b>CONCELLO</b>       |
|---------------------------------------------------------------------|-----------------------|
| (1.a1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OPERACIONES CORRENTES              | 89.464.860,25         |
| (1.a2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OPERACIONES CORRENTES               | 76.612.704,44         |
| <i>(1.a1-1.a2)RESULTADO OPERACIÓN CORRENTES</i>                     | <i>12.852.155,81</i>  |
| (1.b1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS | 2.969.061,82          |
| (1.b2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS  | 8.706.016,78          |
| <i>(1.b1-1.b2) RESULTADO OUTRAS OPERACIÓN NON FINANCEIRAS</i>       | <i>-5.736.954,96</i>  |
| 1.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS                                      | 92.433.922,07         |
| 1.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS                                       | 85.318.721,22         |
| <i>1.3 RESULTADO OPERACIÓN NON FINANCEIRAS (1.1 -1.2)</i>           | <i>7.115.200,85</i>   |
| <b>2.- ACTIVOS FINANCEIROS</b>                                      |                       |
| 2.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS                                      | 73.730,70             |
| 2.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS                                       | 71.352,34             |
| <i>2.3 RESULTADO ACTIVOS FINANCEIROS (2.1 -2.2)</i>                 | <i>2.378,36</i>       |
| <b>3.- PASIVOS FINANCEIROS</b>                                      |                       |
| 3.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS                                      | 969.697,13            |
| 3.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS                                       | 12.215.942,77         |
| <i>3.3 RESULTADO PASIVOS FINANCEIROS (3.1 -3.2)</i>                 | <i>-11.246.245,64</i> |
| <b>4.- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO</b>                      |                       |
| 4.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS                                      | 93.477.349,90         |
| 4.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS                                       | 97.606.016,33         |
| <i>4.3 RESULTADO ORZAMENTARIO (4.1-4.2)</i>                         | <i>-4.128.666,43</i>  |
| <b>AXUSTES</b>                                                      |                       |

|                                                                                 |                  |
|---------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| 4. CRÉDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS | 4.059.083,51     |
| 5.- DESVIACIONES DE FINANCIACION NEGATIVAS DO EXERCICIO                         | 4.554.652,59     |
| 6.- DESVIACIONES DE FINANCIACION POSITIVAS DO EXERCICIO                         | 4.423.406,85     |
| (4+5-6) TOTAL AXUSTES                                                           | 4.190.329,25     |
| <b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (4.3+5-6)</b>                                | <b>61.662,82</b> |

#### REMANENTE DE TESOURERÍA

|                                                                    | CONCELLO             |
|--------------------------------------------------------------------|----------------------|
| 1.- FONDOS LIQUIDOS                                                | 9.606.788,33         |
| 2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO                                    | 36.488.584,10        |
| 2.1 DE ORZAMENTO CORRENTE                                          | 10.445.392,41        |
| 2.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS                                         | 25.967.071,15        |
| 2.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS                               | 543.443,52           |
| 2.4 +COBROS PENDENTES APLICACIÓN DEFINITVA                         | 467.322,98           |
| 3.- OBRIGAS PENDENTES DE PAGO                                      | 19.473.129,44        |
| 3.1 DE ORZAMENTO CORRENTE                                          | 11.332.265,63        |
| 3.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS                                         | 103.358,82           |
| 3.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS                               | 8.039.562,87         |
| 3.4 -PAGOS REALIZADOS PENDIENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA          | 2.057,88             |
| <b>I. REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3)</b>                    | <b>26.622.242,99</b> |
| II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO                                       | 15.016.234,19        |
| III. EXCESO DE FINANCIACION AFECTADA                               | 9.883.488,10         |
| <b>IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I- II- III)</b> | <b>1.722.520,70</b>  |

SEGUNDO: aprobar a liquidación do Orzamento do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia, correspondente ó exercicio 2014 segundo proposta formulada polo Director-Xerente do Auditorio, de conformidade co establecido no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 90 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, e de acordo co informe de Intervención, segundo o seguinte detalle:

#### RESULTADO ORZAMENTARIO

|                                                         |              |
|---------------------------------------------------------|--------------|
| <b>1.-00 OPERACIONES NON FINANCEIRAS</b>                |              |
| (1.a1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OPERACIONES CORRENTES  | 2.691.091,98 |
| (1.a2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OPERACIONES CORRENTES   | 3.241.630,73 |
| (1.a1-1.a2)RESULTADO OPERACIÓN CORRENTES                | -550.538,75  |
| (1.b1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OUTRAS OPERACIONES NON | 0,00         |

|                                                                                 |             |                   |
|---------------------------------------------------------------------------------|-------------|-------------------|
|                                                                                 | FINANCEIRAS |                   |
| (1.b2) OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OUTRAS OPERACIONS NON                          |             |                   |
|                                                                                 | FINANCEIRAS | 10.147,97         |
| (1.b1-1.b2) RESULTADO OUTRAS OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS                         |             | -10.147,97        |
| 1.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS                                                  |             | 2.691.091,98      |
| 1.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS                                                   |             | 3.251.778,70      |
| 1.3 RESULTADO OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (1.1 -1.2)                             |             | -560.686,72       |
| <b>2.- ACTIVOS FINANCEIROS</b>                                                  |             | 0,00              |
| 2.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS                                                  |             | 957,10            |
| 2.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS                                                   |             | 0,00              |
| 2.3 RESULTADO ACTIVOS FINANCEIROS (2.1 -2.2)                                    |             | 957,10            |
| <b>3.- PASIVOS FINANCEIROS</b>                                                  |             | 0,00              |
| 3.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS                                                  |             | 0,00              |
| 3.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS                                                   |             | 0,00              |
| 3.3 RESULTADO PASIVOS FINANCEIROS (3.1 -3.2)                                    |             | 0,00              |
| <b>4.- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO</b>                                  |             | 0,00              |
| 4.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS                                                  |             | 2.692.049,08      |
| 4.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS                                                   |             | 3.251.778,70      |
| 4.3 RESULTADO ORZAMENTARIO (4.1-4.2)                                            |             | -559.729,62       |
| <b>AXUSTES</b>                                                                  |             | 0,00              |
| 4. CRÉDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS |             | 693.062,98        |
| 5.- DESVIACIONES DE FINANCIACION NEGATIVAS DO EXERCICIO                         |             | 0,00              |
| 6.- DESVIACIONES DE FINANCIACION POSITIVAS DO EXERCICIO                         |             | 0,00              |
| (4+5-6) TOTAL AXUSTES                                                           |             | 693.062,98        |
| <b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (4.3+5-6)</b>                                |             | <b>133.333,36</b> |

#### REMANENTE DE TESOURERÍA

|                                             |            |
|---------------------------------------------|------------|
|                                             |            |
| 1.- FONDOS LIQUIDOS                         | 415.531,10 |
| 2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO             | 773.321,66 |
| 2.1 DE ORZAMENTO CORRENTE                   | 663.026,68 |
| 2.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS                  | 89.110,06  |
| 2.3 DE OPERACIONS NON ORZAMENTARIAS         | 31.366,23  |
| 2.4 +COBROS PENDENTES APLICACIÓN DEFINITIVA | 10.181,31  |
| 3.- OBRIGAS PENDENTES DE PAGO               | 985.385,67 |
| 3.1 DE ORZAMENTO CORRENTE                   | 797.387,21 |
| 3.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS                  | 0,00       |

|                                                                    |                   |
|--------------------------------------------------------------------|-------------------|
| 3.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS                               | 187.998,46        |
| 3.4 -PAGOS REALIZADOS PENDIENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA          | 0,00              |
| <b>I. REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3)</b>                    | <b>203.467,09</b> |
| <b>II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO</b>                                | <b>40.830,10</b>  |
| <b>III. EXCESO DE FINANCIACION AFECTADA</b>                        | <b>0,00</b>       |
| <b>IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I- II- III)</b> | <b>162.636,99</b> |

TERCEIRO: aprobar o resultado orzamentario e o remanente de tesourería consolidado segundo o seguinte detalle:

#### RESULTADO ORZAMENTARIO

| 1. OPERACIONES NON FINANCEIRAS                                | CONCELLO             | AUDITORIO          | TOTAL                | AXUSTES      | CONSOLIDADO          |
|---------------------------------------------------------------|----------------------|--------------------|----------------------|--------------|----------------------|
| (1.a1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS                              |                      |                    |                      |              |                      |
| OPERACIONES CORRENTES                                         | 89.464.860,25        | 2.691.091,98       | 92.155.952,23        | 1.762.292,34 | 90.393.659,89        |
| (1.a2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS                               |                      |                    |                      |              |                      |
| OPERACIONES CORRENTES                                         | 76.612.704,44        | 3.241.630,73       | 79.854.335,17        | 1.762.292,34 | 78.092.042,83        |
| <i>(1.a1-1.a2)RESULTADO OPERACIÓN CORRENTES</i>               | <i>12.852.155,81</i> | <i>-550.538,75</i> | <i>12.301.617,06</i> |              | <i>12.301.617,06</i> |
| (1.b1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS                              |                      |                    |                      |              |                      |
| OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS                            | 2.969.061,82         | 0,00               | 2.969.061,82         |              | 2.969.061,82         |
| (1.b2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS                               |                      |                    |                      |              |                      |
| OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS                            | 8.706.016,78         | 10.147,97          | 8.716.164,75         |              | 8.716.164,75         |
| <i>(1.b1-1.b2) RESULTADO OUTRAS OPERACIÓN NON FINANCEIRAS</i> | <i>-5.736.954,96</i> | <i>-10.147,97</i>  | <i>-5.747.102,93</i> |              | <i>-5.747.102,93</i> |
| 1.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS                                | 92.433.922,07        | 2.691.091,98       | 95.125.014,05        |              | 95.125.014,05        |
| 1.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS                                 | 85.318.721,22        | 3.251.778,70       | 88.570.499,92        |              | 88.570.499,92        |
| <i>1.3 RESULTADO OPERACIÓN NON FINANCEIRAS (1.1 -1.2)</i>     | <i>7.115.200,85</i>  | <i>-560.686,72</i> | <i>6.554.514,13</i>  |              | <i>6.554.514,13</i>  |
| <b>2.- ACTIVOS FINANCEIROS</b>                                |                      |                    |                      |              |                      |
| 2.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS                                | 73.730,70            | 957,10             | 74.687,80            |              | 74.687,80            |
| 2.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS                                 | 71.352,34            | 0,00               | 71.352,34            |              | 71.352,34            |

|                                                                                             |                  |                   |                   |  |                   |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|-------------------|-------------------|--|-------------------|
| 2.3 RESULTADO ACTIVOS<br>FINANCEIROS (2.1 -2.2)                                             | 2.378,36         | 957,10            | 3.335,46          |  | 3.335,46          |
| <b>3.- PASIVOS FINANCIEROS</b>                                                              |                  |                   |                   |  |                   |
| 3.1 DEREITOS RECOÑECIDOS<br>NETOS                                                           | 969.697,13       | 0,00              | 969.697,13        |  | 969.697,13        |
| 3.2 OBRIGAS<br>RECOÑECIDAS NETAS                                                            | 12.215.942,77    | 0,00              | 12.215.942,77     |  | 12.215.942,77     |
| 3.3 RESULTADO<br>PASIVOS FINANCIEROS (3.1 -<br>3.2)                                         | -11.246.245,64   | 0,00              | -11.246.245,64    |  | -11.246.245,64    |
| <b>4.- RESULTADO<br/>ORZAMENTARIO DO<br/>EXERCICIO</b>                                      |                  |                   |                   |  | 0,00              |
| 4.1 DEREITOS RECOÑECIDOS<br>NETOS                                                           | 93.477.349,90    | 2.692.049,08      | 96.169.398,98     |  | 96.169.398,98     |
| 4.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS<br>NETAS                                                            | 97.606.016,33    | 3.251.778,70      | 100.857.795,03    |  | 100.857.795,03    |
| 4.3 RESULTADO<br>ORZAMENTARIO (4.1-4.2)                                                     | -4.128.666,43    | -559.729,62       | -4.688.396,05     |  | -4.688.396,05     |
| <b>AXUSTES</b>                                                                              |                  |                   |                   |  | 0,00              |
| 4. CRÉDITOS GASTADOS<br>FINANCIADOS CON<br>REMANENTE DE<br>TESOURERÍA PARA GASTOS<br>XERAIS | 4.059.083,51     | 693.062,98        | 4.752.146,49      |  | 4.752.146,49      |
| 5.- DESVIACIONES DE<br>FINANCIACION NEGATIVAS<br>DO EXERCICIO                               | 4.554.652,59     | 0,00              | 4.554.652,59      |  | 4.554.652,59      |
| 6.- DESVIACIONES DE<br>FINANCIACION POSITIVAS<br>DO EXERCICIO                               | 4.423.406,85     | 0,00              | 4.423.406,85      |  | 4.423.406,85      |
| (4+5-6) TOTAL AXUSTES                                                                       | 4.190.329,25     | 693.062,98        | 4.883.392,23      |  | 4.883.392,23      |
| <b>RESULTADO<br/>ORZAMENTARIO<br/>AXUSTADO (4.3+5-6)</b>                                    | <b>61.662,82</b> | <b>133.333,36</b> | <b>194.996,18</b> |  | <b>194.996,18</b> |

#### REMANENTE DE TESOURERÍA

|                                      | CONCELLO      | AUDITORIO  | CONSOLIDADO   |
|--------------------------------------|---------------|------------|---------------|
| 1.- FONDOS LIQUIDOS                  | 9.606.788,33  | 415.531,10 | 10.022.319,43 |
| 2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO      | 36.488.584,10 | 773.321,66 | 37.261.905,76 |
| 2.1 DE ORZAMENTO CORRENTE            | 10.445.392,41 | 663.026,68 | 11.108.419,09 |
| 2.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS           | 25.967.071,15 | 89.110,06  | 26.056.181,21 |
| 2.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS | 543.443,52    | 31.366,23  | 574.809,75    |
| 2.4 +COBROS PENDENTES APLICACIÓN     | 467.322,98    | 10.181,31  | 477.504,29    |

|                                                                    |                     |                   |                     |
|--------------------------------------------------------------------|---------------------|-------------------|---------------------|
| DEFINITIVA                                                         |                     |                   |                     |
| 3.- OBRIGAS PENDENTES DE PAGO                                      | 19.473.129,44       | 985.385,67        | 20.458.515,11       |
| 3.1 DE ORZAMENTO CORRENTE                                          | 11.332.265,63       | 797.387,21        | 12.129.652,84       |
| 3.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS                                         | 103.358,82          | 0,00              | 103.358,82          |
| 3.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS                               | 8.039.562,87        | 187.998,46        | 8.227.561,33        |
| 3.4 -PAGOS REALIZADOS PENDIENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA          | 2.057,88            | 0,00              | 2.057,88            |
| I. REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3)                           | 26.622.242,99       | 203.467,09        | 26.825.710,08       |
| II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO                                       | 15.016.234,19       | 40.830,10         | 15.057.064,29       |
| III. EXCESO DE FINANCIACION AFECTADA                               | 9.883.488,10        | 0,00              | 9.883.488,10        |
| <b>IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I- II- III)</b> | <b>1.722.520,70</b> | <b>162.636,99</b> | <b>1.885.157,69</b> |

CUARTO: de conformidade co previsto no artigo 193.4 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais dese conta ó Pleno, remitíndose información correspondente ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e á Comunidade Autónoma.”

### **3. APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO N° 2015-CREXT-00, PARA INVERSIONES FINANCIADAS CON CARGO A REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO.**

O informe-proposta da directora da área de Facenda e Orzamentos, de data 16.3.15, ao cal presta a súa conformidade o concelleiro delegado de Facenda, ten o seguinte contido:

“REF: 39/2015

Dona Carmen Gómez Otero, en calidade de Directora da Área de Facenda e Orzamentos, en virtude do art. 59.2 d) do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela, e 175 do ROF, teño a ben de emitilo seguinte,

INFORME-PROPOSTA:

ASUNTO: APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO N° 2015-CREXT-00 PARA INVERSIONES FINANCIADAS CON CARGO A REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO

Logo de ver o expediente de crédito extraordinario 2015- CREXT-00 composto por:

1.- Decreto de 13 de marzo de 2015 do concelleiro delegado de Facenda que resolve que resolve a necesidade de iniciar expediente de crédito extraordinario para financiar os Proxectos 2015-2-INNOV-25 e 2015-2-INFOR-24, por non estar recollidos no Anexo II do Anexo de Investimentos do Orzamento municipal para o exercicio 2015, e non formar parte da bolsa de vinculación dos Proxectos cuxo desestimento acórdase pola Concelleira delegada da Área de Urbanismo.

2.- Informe - Proposta de acordo de crédito extraordinario financiado con baixas por anulación asinada polo Director de Área de Persoal e Contratación, e Proposta do Concelleiro delegado de Réxime Interior e Administracións Públicas de data 16 de marzo de 2015, con Informe favorable da Oficina Orzamentaria.

3.- Informe - Proposta de acordo de crédito extraordinario financiado con baixas por anulación asinado pola técnica responsable de Promoción económica e Proposta da concelleira delegada da área de Economía de data 16 de marzo de 2015, con Informe favorable da Oficina Orzamentaria.

4.- Informe – Proposta de acordo de crédito extraordinario financiado con baixas por anulación asinada polo Técnico responsable de Emprego e proposta da Concelleira delegada da área de Economía de data 6 de marzo de 2015, con Informe favorable da Oficina Orzamentaria.

Logo de ver que, segundo os informes obrantes no expediente motivase que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

De conformidade co establecido no artigo 12.1 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2015, esta Dirección de Área, de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

**PROPÓN** que polo Concelleiro delegado de Facenda se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

**PRIMEIRO:** aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario número 2015-CREXT-00 por importe global de 254.602,50 euros. Esta modificación de crédito financiarase con baixas por anulación, procedentes de ingresos afectados diversos e de recursos propios da anualidade do orzamento 2015, de conformidade co disposto nos artigos 177.4 do texto refundido da lei reguladora de Facendas Locais, aprobado mediante Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 36.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de Abril.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación:

| PARTIDA INCREMENTADA | DENOMINACIÓN                                                        | PROXECTO        | IMPORTE           |
|----------------------|---------------------------------------------------------------------|-----------------|-------------------|
| 080-92001-62600      | EQUIPAMENTOS INFORMÁTICOS.<br>INVESTIMENTO EN HARDWARE              | 2015-2-INFOR-24 | 157.263,71        |
| 070-43200-64100      | APLICACIÓNS INFORMÁTICAS.<br>INVESTIMENTO EN SOFTWARE INNOVACIÓN    | 2015-2-INNOV-25 | 85.584,85         |
| 070-24100-62300      | FOMENTO DO EMPREGO. MAQUINARIA,<br>INSTALACIÓNS TÉCNICAS E UTILLAXE | 2014-3-OBRA-14  | 11.753,94         |
| <b>TOTAL</b>         |                                                                     |                 | <b>254.602,50</b> |

B) Financiamento: Baixas por anulación doutras aplicacións orzamentarias: 254.602,50 €

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA           | DENOMINACIÓN                                                                              | PROXECTO        | IMPORTE           |
|-----------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|-------------------|
| 050 15100 61900                   | Urbanismo. Outros investimentos de reposición de Infraest. e bens destinados ao uso xeral | 2014 2 HUMUR 21 | 242.848,56        |
| 070 24100 22606                   | Fomento do Emprego. Reunións, conferencias e cursos                                       | 2014 3 OBRA 14  | 11.753,94         |
| <b>TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN</b> |                                                                                           |                 | <b>254.602,50</b> |

C) Resumo:

| EXPRESIÓN                                                 | IMPORTE          |
|-----------------------------------------------------------|------------------|
| 1.- Total crédito extraordinario.....                     | 254.602,50 euros |
| 2.- Financiamento                                         | 254.602,50 euros |
| a) Novos ingresos.....                                    |                  |
| b) Baixas por anulación.....                              |                  |
| c) Remanente de tesourería afectado a gastos de inversión |                  |
| 3.- Financiamento igual a habilitación.....               | 254.602,50 euros |

**SEGUNDO:** expoñer ó público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumen por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

**Toma a palabra ao Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda.**

Empeza explicando que hoxe unha vez máis, o goberno municipal continúa a facer cidade en positivo aprobando un plan de actuacións para o 2015 que beneficiará aos veciños, a diversos sectores, e en xeral á cidade.

Di que son moitas as actuacións que ao longo deste período ten feito o goberno para acadar o equilibrio necesario que agora si permiten acometer dentro da estabilidade, novos e máis investimentos; apoiar colectivos e sectores da cidade, promocionala e en definitiva, sentar as bases dun proxecto de futuro, e unha pequena recuperación económica.

Continúa a dicir que a grave recesión que dende o 2008 viña experimentando a economía, froito da acumulación de desequilibrios, fixo necesaria a adopción de profundos axustes para recuperar a medio prazo a senda da estabilidade.

Reformas que se inseriron dentro dunha estratexia de política económica, baseada en cinco eixos: o control do déficit, o control do gasto e do ingreso, a contención da débeda, o cumprimento do pago a provedores, e a implicación dos centros xestores na xestión económica, dándolles acceso, por primeira vez, á precontabilización.

Os importantes avances na corrección dos desequilibrios quedan reflectidos na evolución dos principais indicadores económicos, que amosan como o concello logrou corrixir o déficit, alcanzar superávit, capacidade de financiamento con recursos propios, diminuír o endebedamento financeiro, e rebaixar a presión fiscal aos cidadáns. En resumidas contas, equilibrarse.

Apunta en canto ao control do déficit, que se pasou dun déficit de -2,5 millóns de euros a un superávit aplicado en 2014 de 4,5 millóns o que posibilitou un plan de choque de actuacións sustentables na cidade de 1,2 millóns de euros, e un pagamento anticipado de débeda pública de catro millóns. Dito control do déficit tamén posibilitou un superávit agora de 1,9 millóns de euros, que se aplicarán en 2015, principalmente xunto cos aforros derivados do refinanciamento do préstamo ICO nun novo plan de actuacións na cidade, que en total suman máis de tres millóns de euros.

Engade que se o control do déficit, é dicir non gastar máis do que se ingresa, se presenta como núcleo central da política económica do goberno, non o foi menos a redución e contención da débeda, que supuxo un especial esforzo de adicación de recursos, pagando 40 millóns de euros entre amortizacións e xuros que veñen a supoñer unha minoración da débeda bancaria en termos homoxéneos de 24 millóns de euros, pasando

dos 65 millóns de euros a 31 de decembro de 2010, aos 41 cos que se liquida o orzamento a 31 de decembro de 2014.

Só durante o ano 2014, o goberno pagou 14 millóns de débeda pública, grazas á decisión de usar parte do superávit acadado ao pagamento anticipado da débeda, en concreto, 4 millóns de euros, que lle supuxo unha minoración do 60% das partidas adicadas no orzamento 2015 ao pagamento de débeda pública e por extensión, posibilitou novas políticas sociais, como o plan SUMA e rebaixar os impostos. Así logrouse unha redución do 30% do volume de endebedamento pasando dun 75% ao 45% situándose en mínimos históricos.

Como derradeiro eixo destaca o cumprimento do prazo de pagamento a provedores, rebaixando a media dos 142 días a pouco máis de 20 días a xaneiro de 2015.

Todo iso nun marco de responsabilidade política de políticas públicas de gastos, que nos primeiros 100 días de goberno, posibilitou aprobar o orzamento, que facía vinte anos que non se aprobaba a principios de xaneiro, renunciando incluso, ao recurso fácil do endebedamento en ano electoral.

Apunta tamén que neses primeiros 100 días, en consenso cos grupos da oposición, aprobouse un plan fiscal e outras medidas de orde social, que comprendían unha rebaixa xeral de impostos, nomeadamente no IBI pasando do 0,57 ao 0,54; no imposto de plusvalías do 26 ao 22, e no imposto de construcións do 2% ao 1,9%. Ademais doutras medidas sociais como recuperación das bonificacións fiscais ás vivendas de protección oficial, o aumento de bonificacións fiscais para os núcleos rurais e familias numerosas; así como no imposto de actividades económicas para as empresas que contratasen traballadores indefinidos; ou no imposto de construcións para as empresas que se instalen na cidade e cren emprego.

Como consecuencia do equilibrio das contas acadado no 2014, puido aprobarse a renda social para axudar aos colectivos máis desfavorecidos da cidade, o denominado plan “SUMA” dotado con máis de 1,5 millóns de euros.

Reitera que a situación se reverteu froito do saneamento das contas e do control do déficit resultando tamén dúas situacións positivas:

O concello puido acollerse ás medidas do Estado para a recuperación económica e o crecemento, a Lei 18/2014 que diferenciaba entre concellos saneados e non saneados. Xa que cumpría co déficit e con minoración de débeda e prazo de pago a provedores, polo que se recibiu a autorización de benestar e facenda para maior refinanciamento histórico da débeda do concello, en concreto do préstamo ICO polo importe de 12 millóns de euros, e que supón baixar o tipo de xuro do 5,25 ao 0,86. É dicir, unha

rebaixa de 4,39 puntos, isto suporá un aforro de xuros na vida do préstamo de 1,4 millóns de euros, un aforro para o 2015, de 1,1 millóns de euros en amortizacións.

Apunta, nesta segunda medida unha liquidación positiva que lles permite con 1,7 millóns de euros do concello e 162 mil do Auditorio, un total de liquidez de 1,8 millóns de euros, que sumado ao refinanciamento do ICO dun millón de euros, dan os 3,1 millóns de euros que hai para o plan de choque.

A importancia do resultado positivo da liquidación, non é só a posibilidade de adicalo a investimentos, senón que tamén ten o efecto de evitar recortes pola mesma contía no suposto do que o resultado fose do déficit.

Entrando no expediente principal, o suplemento de crédito 01 e o crédito extraordinario 01, denominado plan de choque, comprende moi diversas actuacións en diferentes ámbitos da cidade. Finánciase con 1,4 millóns de euros, derivados do superávit do ano 2014, un millón de euros derivado do aforro do préstamo ICO e 433.000 euros de baixas doutros proxectos, así como o refinanciamento integrado no superávit do programa de Vista Alegre con 233.000 euros.

Sostén que en primeiro lugar, o Plan de choque supón liquidar todas as obrigas pendentes de pago no concello a 31 de decembro de 2014, que supoñen o 0,1% do orzamento definitivo, 151.000 euros.

En segundo lugar, supón a capacidade de financiamento para cofinanciar a incorporación de remanentes para o ano 2015.

En terceiro lugar, o máis importante, o seguinte plan de choque, que comprenderá o aumento de gasto nas partidas do capítulo II, por 96.000 euros; no capítulo IV por 514.000 euros; no capítulo VI por 2.132.000 euros; e no capítulo VII por 418.000 euros; en total 3.162.000 euros, que corresponderá principalmente a área de desenvolvemento urbano e sostible, 1.537.000 euros; promoción económica 421.000; cultura e patrimonio 360.000 euros; servizos sociais 220.000 euros; e xuventude 35.000 euros; en definitiva 3.162.000 euros.

Como principais actuacións, o proxecto de pavimentación de vías públicas que estaba dotado con 800.000 euros; a redacción de proxectos con 114.000 euros; instalacións eléctricas con 223.000 euros; campaña de promoción de comercio, transferencia para o programa de womex, o proxecto de Fairway; a Cámara de Comercio, etc. aos que vai referirse agora un pouco máis detidamente.

En materia de investimentos na Área DUS o proxecto de pavimentación de vías públicas, estará dotado con 800 mil euros e suporá un esforzo importante na cidade para

acondicionamento das vías públicas e sumará aos xa 12 millóns de euros orzamentados en investimentos para o 2015, que por outra banda, supón o capítulo máis elevado de todo o mandato.

O proxecto de obras de mellora na seguridade das instalacións eléctricas que estaba dotado con 223 mil euros que se sumará ao capítulo VI e suporá un importante investimento na seguridade eléctrica.

Tamén 115 mil euros para a redacción de proxectos, para acometer obras, na Caramoniña, en Conxo, na rúa Salamanca, en Triacastela, en Ponte Albar, ou na Pastoriza.

En materia de promoción económica 100.000 euros para comercio, que sumarán aos 200.000 euros xa orzamentados, e que supón un aumento do 40% con respecto ao ano 2014; 60.000 euros para o proxecto past view para impulsar o turismo, aos que se suman os 85.000 euros do expediente CREXT-00 por incorporación de remanentes; 60.000 euros para impulsar a Cámara de Comercio, que se suman as subvencións nominativas xa existentes; 80.000 euros para o proxecto de Fairway como primeiro foro de industria vinculada ao Camiño.

En materia de cultura aumentase a subvención a Fundación Torrente Ballester, en 20.000 euros; equipamentos centro socio cultural do Romáño 35.000; matadoiro 80.000 euros; novas actuacións na Rocha 115.000 euros; 110.000 euros para o evento cultural womex 2016; 90.000 euros para a reunión mundial dos presidentes e actividades do evento cultural Instituto Cervantes; en materia de deportes 220.000 euros para iniciar a reforma da instalación deportiva de San Lázaro que ten unha consignación plurianual orzamentaria de 3,5 millóns de euros.

En materia de xuventude, tamén haberá unha dotación de 35.000 euros, que suman xa, aos 170.000 euros orzamentados.

Con respecto ao expediente CREXT-00, trátase dun expediente financiado con remanente líquido de tesourería, que comprenderá 254.000 euros, dos cales 156.000 euros adícanse a servidores en materia informática, e 35.000 euros a promoción turística, visitas virtuais en materia de turismo.

Indica con respecto ao último expediente, que se trata dunha proposta do departamento de persoal de dotar de crédito unha partida para pagamento de xuros derivados de sentenzas xudiciais, por importe de 35.000 euros, que amplía ata 70.000 euros en previsión de todo o ano 2015.

Rematando e considerando que se trata de actuacións de interese público para a cidade e os veciños, dando por reproducidas as propostas que obran nos expedientes, solicita o voto favorable da corporación.

A seguir, intervén **Don Rúben Cela Díaz, concelleiro do grupo municipal do BNG**.

Empeza dicindo que aínda que o segundo punto da orde do día, referido á liquidación do orzamento de 2014, era un punto de dar conta, e polo tanto non se somete a debate nin votación, resulta imposible abordar os seguintes puntos relativos a diferentes créditos extraordinarios, sen ter como punto de partida, precisamente, o resultado desa liquidación, porque hai algo nela, sen o que non se podería explicar, nin entender, os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que traen para a súa aprobación hoxe a este pleno, que radica no baixísimo nivel de execución dos investimentos.

Indica que o señor Quiroga, deulle aos xornalistas na presentación pública desta liquidación, un dato que non é correcto. Tamén di que facía unha pequena trampa contable para asegurar que o nivel de execución dos investimentos superaba o 60%.

Explica que o que se fixo foi calcular unha porcentaxe de execución sobre os créditos iniciais, e non sobre os créditos definitivos, que é como se debería facer. Considera que iso non é precisamente un exercicio de transparencia, senón que é un exercicio de disfrazar as cifras.

Sostén que un power point na sala de prensa aguanta con todo, ou con case todo, pero o certo é que dos máis de trinta millóns de euros que tiñan dispoñibles para poder facer obras e investimentos produtivos que viñan tanto do propio orzamento de 2014, como do que non gastaron os anos anteriores, só se executaron 6,7 millóns de euros. É dicir, un 21,31%, 21,31% que dista bastante dese máis de 60%, que tentaron vender públicamente.

De feito, o grao de execución neste 2014, foi aínda inferior que o dos exercicios anteriores. Dí que en ningún ano deste mandato, se chegou a execución nin do 30% do capítulo de investimentos, o que resulta moi significativo e gráfico da capacidade práctica de xestión dos diferentes gobernos do Partido Popular ao longo deste mandato, atendendo ás necesidades específicas dun contexto de grave crise económica como a que se vive.

Non é de recibo na situación na que está Santiago, que de cada 100 euros que tivo o Partido Popular a súa disposición en 2014 para arranxar rúas e beirarrúas, só fose capaz de executar 21 euros quedando case os 80 euros restantes sen empregar.

Di que o nivel de execución non foi igual de baixo para todos os capítulos, mentres o nivel de execución do investimento foi do 21,31%, o de publicidade e propaganda foi dun 113% ata chegar aos 609.000 euros, máis do que acaba de facer referencia, a chamada renda social. Máis do que está orzamentado para o ano 2015, en renda social.

Insiste en que esa liquidación, o que pon de relevo, é a culminación dunha xestión económico-financeira consistente nunha política errática de marcha adiante e atrás no endebedamento municipal, sen que o mesmo fose encauzado a investimentos reais, e voltando arredor dun plan de axuste, que pola súa desproporción deu lugar a superávits, mesmo absolutamente rocambolescos nalgún ano. Lembra, o que aconteceu no ano 2012, con 17,6 millóns de superavit, ou no 2011 e no 2013, con 6 millóns de euros, con máis de 6 millóns de euros en cada un deses exercicios, e sempre remanentes de tesourería positivos sostidos sobre a base dunha cicateira xestión dos gastos sociais e servizos básicos ao tempo dun nivel de investimentos extraordinariamente escaso, entre un 70 e un 80% menor do orzamentado, que non levan máis que á perda de capacidade de incidencia real do orzamento do concello na mellora de vida dos cidadáns e cidadás en época de crise.

Sostén que en definitiva, o superávit orzamentario, só se mantén sobre a base da non xestión e da non execución do gasto orzamentario, xa que os ingresos son cada vez máis baixos. En segundo lugar, indica que a repetición dun novo remanente de tesourería é impropio dunha situación de crise económica. Non é lóxico que a un sinfín de demandas da veciñanza se responda con que non hai cartos, e logo se alardee dun suposto superávit.

O remanente de 2014, é de 1,7 millóns, pero alcanzaría os 5 millóns de euros, se no mes de decembro do ano 2014, o goberno non levase a cabo unha solución drástica da amortización acelerada de máis de catro millóns de euros de endebedamento a longo prazo, o que xa no seu día, puxo en evidencia, unha vez máis, a ilóxica e demagóxica explicación da suposta situación económica creada.

Entrando máis no concreto destes tres puntos da orde do día referidos aos créditos extraordinarios, comenta que primeiro o que fixeron foi que afloraron o remanente de tesourería positivo e superávit ao tempo que os ingresos baixaban, cousa que só é posible, a base da inexecución de proxectos de gasto necesarios para a cidade.

Explica que, agora, a unhas semanas das eleccións municipais, o Partido Popular, fala da posibilidade de incrementar o nivel de investimentos sostibles pola suposta boa xestión, e a existencia de remanente positivo de tesourería, agora, casualmente, cando durante catro orzamentos estiveron sen executar os investimentos orzamentados.

Di que non gastaron o previsto nin en 2012, nin en 2013, e moitísimo menos en 2014, e agora, como lles sobra o diñeiro, pola súa incapacidade de executalo, venden un paquete de obras e actuacións supostamente urxentes a unhas semanas das eleccións e co mesmo diñeiro que foron incapaces de executar cando tiñan que executalo.

Qué é o que propoñen, o primeiro é un crédito extraordinario de 254.000 euros, basicamente para comprar hardware e software, e un ascensor. A pregunta é de dónde ven ese diñeiro? A resposta é, dunha partida de urbanismo non executada, concretamente, doutros investimentos de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso.

Di que debe ser que Santiago esta tan ben, que por iso decidiron non gastar un cuarto de millón de euros, en reposición de infraestruturas, para agora mercar ordenadores.

Continúa a dicir respecto ao segundo dos créditos, case tres millóns de euros, que por unha parte, habilitan un crédito extraordinario de máis dun millón de euros, 1.148.000 fundamentalmente para financiar dúas actuacións: a pavimentación de vías públicas por 800 mil euros e a terceira fase de Vista Alegre, por 233.000.

Apunta que nunha cousa sí que coinciden, e é que fai moitísima falta reparar as nosas rúas e beirarrúas porque nunca, Santiago estivo tan feita polvo, e esa é unha situación á que non se chega nun día, e á que non se chega tampouco nun ano, pero á que sí que se chega despois dun mandato de nulo mantemento.

Di que o que é moi lamentable, que todo Santiago teña que ver como teñen que chegar unhas eleccións municipais para que o goberno comece a tapar algunhas fochancas, cuasi-cráteres que levaban máis de tres anos nese estado.

En canto a Vista Alegre di que non quere falar, quere deixalo para outro día, porque a xestión que fixeron nese caso, daría para ocupar unha sesión plenaria completa.

Por outra banda, plantexan un suplemento de crédito polo importe de 1.494.000 euros, maioritariamente tamén para actuacións cun claro tinte preelectoral. De onde saen os cartos, basicamente, de dous sitios: por unha parte, diferentes obras que foron incapaces de executar e de partidas que nunca houbo intención de executalas, como a da estación intermodal.

Lembra que eles xa o dixeron nese pleno, que excusaban poñela no orzamento, porque non a ían executar, e lamentablemente, unha vez máis, tiveron razón.

A outra parte ven do aforrado no gasto financeiro, polo refinanciamento dun préstamo, que xa denunciaron no seu día, pola súa contía innecesaria, e que se concertou a un prezo carísimo.

O único que fan agora é reconducir, unha mala xestión financeira, que no seu día tivo uns custos elevadísimos para os cidadáns e cidadás. Di que eles denunciaban que os tipos de xuros eran altísimos, que era un pésimo negocio para o concello, e durante anos, negaronno. Agora ata o concelleiro de facenda reconece que eran uns tipos abusivos por riba do 5% e que hai unha entidade privada que os vai refinar a menos do 1%, venden iso como boa xestión financeira, e no canto de dicir, canto aforran agora, pregúntalles porque non lles explican aos veciños e veciñas de Santiago canto gastaron de máis innecesariamente por esa operación.

O terceiro dos créditos extraordinarios que o fai é anular unha partida de 70.000 euros dos bombeiros, un complemento específico que certamente se corresponde con prazas que non se van ocupar, para pagar os xuros de demora de diferentes sentenzas desfavorables para o concello en materia laboral.

Explica que eles non teñen a información completa deste expediente, non saben exactamente qué contía xa esta comprometida, cal é a previsión, nin se se corresponde coas sentenzas dos pluses de xubilación, ou con outras cuestións. Resalta que non sabían á hora de facer o orzamento que tiñan en marcha abertos procesos contenciosos en materia laboral, a pesar de que o orzamento é precisamente, unha previsión de gasto. Por outra banda di que non é un suplemento de gasto, senón un crédito extraordinario, porque non existía partida, porque deliberadamente a suprimiron na redacción da proposta de orzamentos en 2014. Lembra que xa no seu día lles advertiron que non tiñan orzamentadas outras partidas en materia de persoal que derivaban do convenio. Lembra que mesmo fixeron alegacións nese sentido.

Remata dicindo que por todo isto, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego votará en contra destes tres puntos da orde do día.

Toma a palabra o Sr. Reyes Santías, **concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Comeza dicindo que o goberno do Partido Popular trae nesta ocasión case tres millóns douscentos mil euros, de modificación de crédito orzamentario, e fano a 44 días das votacións das eleccións municipais de 2015.

Explica que o traen e que van investir un remanente de crédito, sobre 1.700.000 euros, cuxo resultado será definitivo cando remate este mandato. Isto supón o paradigma da xestión do Partido Popular ao longo destes catro anos.

Di que este remanente de crédito, sería unha cifra absolutamente escandalosa, se en decembro non tiveran traído a este pleno, unha amortización anticipada de catro millóns de euros. Do contrario estarían a falar dun escándalo, de preto de seis millóns de euros de remanente de tesourería, e o traen aquí fundamentalmente pola absoluta incapacidade de executar os investimentos que tiñan orzamentados no 2014.

Lembra que a xestión do orzamento do 2014, a metade do ano, corresponde ao actual goberno, e polo tanto, ao actual alcalde, e di que non foron quenes de superar o 21%. Está nas actas destes plenos. Nun pleno pasado dixo que non tiñan moitas expectativas de mellora no nivel de execución dos investimentos para o concello co novo alcalde, porque a historia dicíalle que nos últimos anos como conselleiro de infraestruturas, medio ambiente e territorio non fora quen de superar a execución do 30% dos investimentos na súa Consellería. Desgraciadamente o alcalde deulle a razón ao grupo municipal socialista, porque, o que presentan hoxe non supera practicamente o 21% da execución dos investimentos, o que sitúa a xestión do actual alcalde exactamente no mesmo nivel que a execución orzamentaria do exalcalde, Ángel Currás, e do exalcalde, Gerardo Conde Roa.

Dito isto, o outro aspecto, que leva a que teñan neste momento, ese 1.722.000 euros de remanente de crédito, é que no seu momento, o seu goberno, herdou, non un déficit de remanente de dous millóns e medio, senón de 1,4 millóns de euros, e tomaron a decisión de facer unha débeda para este concello en 12 millóns de euros. Nunca explicaron ben porque endebedaban este concello en 12 millóns de euros, cando o que tiñan que cubrir era 1,4 millóns de euros. Continúa a dicir que fixérono claramente por dous motivos:

O primeiro deles, para facer caixa para o último ano, que é o ano electoral, como se está a demostrar, e como se demostra tamén no orzamento de 2015, e o fixeron para darlle un negocio á banca, o que é claramente, evidente. Un negocio á banca, porque fixeron a negociación da débeda co xuro máis alto dos últimos quince anos para este concello. Verbo diso di que non ten problema xa que o paga o peto dos veciños e das veciñas.

Explica tamén que a outra liña pola que están a financiar, estas modificacións de crédito son as baixas doutros créditos.

Di que terían que traer aquí a motivación e a xustificación de facelo pois, o que non se pode traer aquí, é a aprobación destas modificacións de crédito, baseadas, unha parte da súa financiación en baixas doutros créditos, sen xustificar. Baixan os outros créditos, pidenlles o voto, e non lles dan información. Ese é o nivel de transparencia da execución orzamentaria, e da xestión do Partido Popular.

Unha das cuestións que plantexan é o refinanciamento do crédito, o famoso crédito de doce millóns de euros. Di que co que traen agora, xa poden definir eses doce millóns de euros, de crédito, como o crédito da parrala.

Este crédito ten unha carencia ata novembro deste ano 2015, así amortizaron os créditos máis baratos, porque querían manter os doce millóns para poder investilos agora en período electoral. Esa é a realidade, total pagan os veciños e as veciñas.

O que fan é unha renegociación, e agora o venden como unha gran xestión, e como un aforro. Isto é un recoñecemento público do que o grupo municipal socialista leva dicindo durante todo este mandato, referido a que despilfarraron o diñeiro dos veciños e das veciñas, dándolle a gañar beneficios á banca, e non investindo nesta cidade. Hoxe, o que traen a este pleno, é precisamente o recoñecemento do que está a dicir.

Tanto é así, que non teñen máis remedio no documento que asinan, que recoñecer que están diante da cancelación do plan de axuste. Recoñecen hoxe que o plan de axuste non facía falta agás de complicarlle a vida e recortarlle os dereitos aos traballadores e traballadoras deste concello, pois ese sí era un dos obxectivos que tiñan, para plantexar o plan de axuste.

Baixan os créditos, e teñen que explicar, primeiro, por qué orzamentaron erróneamente no 2014, e no 2015, e teñen que explicar porque priorizan a 44 días dunhas eleccións uns investimentos que non van executar.

Se en catro anos, non foron quen de executar máis aló do 20% dos investimentos, como queren facer crer a ninguén que en 44 días van executar 3 millóns de euros. Iso é absolutamente imposible, iso é simplemente, unha foto máis da venda electoral.

Apunta que se lles sobra o diñeiro, por absoluta incapacidade de xestión, cando se chega ao momento dos 44 días das eleccións. Di que antes de chegar este momento, tiñan que ter chamado á oposición, recoñecer que non foron quen de xestionar o diñeiro dos veciños e das veciñas e tentar de chegar ao que falan, pero nunca cumpren.

Sostén que con respecto aos investimentos que falan de financiamento sostible, a parte de que teñen moi serias dúbidas, de que estean verdadeiramente a cubrir, falará na segunda quenda.

Fala de que os gastos de pavimentación e de mantemento das vías públicas vanse eliminar os primeiros cinco anos e reducir o resto da vida útil da súa inversión, gasto entre 1 e o 2%.

Refírese tamén ao proxecto de mellora e accesibilidade do barrio de Vista Alegre, fase 2. É dicir, traen aquí unha xustificación de corta e pega, pero o que é máis curioso, é que o xustifican e o asinan, din que os gastos de mantemento das vías públicas vanse eliminar os primeiros cinco anos e o resto da vida útil entre o 1 e un 2%, simplemente porque redactan un proxecto de investimento.

Polo tanto, pide que na segunda quenda se explique a capacidade que ten o Partido Popular simplemente redactando un proxecto de investimento de reducir os custos de mantemento, porque isto si que é un auténtico éxito de xestión.

Para contestar, ten a palabra o **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda**

Explica en primeiro lugar, por que o goberno contraeu un préstamo de 12 millóns de euros do préstamo ICO. Considera que a resposta é moi sinxela, porque o 1 de xullo de 2011, cando o goberno do Partido Popular entra na corporación existía unha débeda pendente de pago a provedores de 14 millóns de euros. É dicir, o 1 de xullo de 2011 debíanse a provedores 14 millóns de euros. Así consta na acta de arqueo asinada o 1 de xullo de 2011.

Polo tanto, de non pagar aos provedores as empresas pechaban e quebraban, destruíase emprego. O goberno do Estado sacou un Real Decreto que obrigaba aos concellos a contraer un préstamo para pagar as débedas que existían nos concellos nese momento. Reitera que na acta de arqueo de 1 de xullo de 2011, consta pendente de pago a provedores, 14.305.234,71 euros de corrente. Engade que tamén se adebedaban de exercicios pechados, do ano 2010, 3.141.000 euros; de 2009, 405.000 euros; de 2008, 128.000 euros; e así ata 18 millóns de euros.

Lembra que o 1 de xullo de 2011, se adebedaban a provedores 18 millóns de euros, e o Partido Popular nunha responsabilidade cos provedores contraeu un préstamo ICO para pagarlles. Por iso cre que queda clara a exposición dos motivos polo que o Partido Popular tivo que pedir un préstamo. Simplemente, porque os provedores non estaban a cobrar e se lles debían 18 millóns de euros.

Continúa explicando que en canto ao tipo de interese, non foi un tipo de interese que o Partido Popular poidese negociar, foi un tipo de interese que foi a nivel nacional, porque a situación no ano 2011, a nivel nacional era practicamente de quebra do país e polo tanto levou ao goberno a publicar un Real Decreto 2012 que obrigaba a todas as entidades locais a endebedarse para pagar aos provedores.

Con este refinanciamento o que fixeron foi rebaixar o tipo de interese do 5,25 ao 0,86. No tocante á débeda pública, di que as comparativas son elocuentes. No ano 2011 a

débeda que herdada o Partido Popular é de 65 millóns de euros, que ademais supoñía no orzamento destinar 10 millóns de euros a pagamento de amortizacións e xuros, e a 31 de decembro de 2014, a débeda que deixa é de 41 millóns de euros. Polo tanto explica que reduciron en 24 millóns de euros a débeda pública, e no ano 2015, pagaron o 50% do que se pagaba no ano 2011.

No ano 2011 o orzamento destinaba 10 millóns de euros ao pagamento de intereses, xuros e amortizacións, e este ano destínanse 5 millóns.

Con eses 5 millóns o que fixeron foi aumentar o gasto social. O maior nivel de gasto social de todo o mandato está no orzamento de 2015, e permitiu por exemplo, políticas activas de gasto social como foi o plan SUMA con 1,5 millóns de euros. Engade que non só se esta a pagar a débeda cos bancos, senón que tamén se está a pagar a débeda de participación de ingresos do Estado do ano 2008 e do ano 2009, porque como saberán, no ano 2008 e no ano 2009, gastáranse 8 millóns de euros que agora se están a devolver ao Estado.

Reitera que houbo unha redución da débeda de 65 millóns euros no ano 2011, a 41 millóns de euros no ano 2014. Explica que posiblemente moleste que paguen a débeda de forma anticipada, pero é que evidentemente, a débeda hai que pagala, e polo tanto é o que están a facer.

Explica tamén que en canto ao nivel de execución, é evidente que en gastos de 100 millóns que había no orzamento de 2015, recoñecéronse obrigas por 97 millóns de euros, e polo tanto, o nivel de execución total roza o 97%. Non se trata de sumar ao capítulo de investimentos a incorporación de remanentes, pero é que a incorporación de remanentes non comprende a maior parte dos seus proxectos, se non que son proxectos herdados, e polo que non computan na porcentaxe de execución. É dicir, sobre os 10 millóns que estaban orzamentados do capítulo VI, teñen executados 7 millóns, e polo tanto, o 67%.

Considera que queda aclarado como se calcula a porcentaxe do nivel de execución.

Tamén explica que en canto aos investimentos sostibiles, que está perfectamente redactado na lei, e na disposición adicional décimo sexta, que establece no seu parágrafo 1, partida 155 vías públicas, e polo tanto, é un investimento perfectamente sostible.

En canto, aos gastos de publicidade, di que o goberno do Partido Popular reduciu un 30% neste mandato, e pón como exemplo que no ano 2007 os gastos de publicidade foron 600 mil euros e en total 2 millóns de euros.

A continuación, toma a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**.

Comeza dicindo que o certo é que o concello nin estaba tan mal como din cando chegaron, nin vai quedar tan ben como din cando se marchen a partir do 24 de maio.

Apunta que se se quere facer retrospectiva vai facela. No ano 2011, cando chega o Partido Popular ao goberno de Santiago, ese exercicio remata cun resultado orzamentario de 6 millóns de euros positivos, e cun remanente de tesourería negativo de 1,4 millóns de euros. Ese é o resultado ao final de ano do exercicio no que chega o Partido Popular ao goberno de Santiago de Compostela, dende logo bastante lonxe da suposta quebra financeira que tentaron de vender socialmente.

A partir de aí o Partido Popular naquel momento encabezado polo Sr. Conde Roa decide que o burato no canto de ser de 1,4 millóns de euros, é de 11,2 millóns de euros que é o crédito que se pide a través do plan de pago a provedores que levaba implícito un plan de axuste durísimo. Dixo o concelleiro de facenda que non podían negociar o tipo de xuro. Ao respecto di que o que poderían dicir era:

a) Se se sometía a ese plan.

b) Por qué contía.

Considera que non ten ningún sentido, cando se ten un tipo de xuro moi por riba dos de mercado, é endebedarse por riba do que se precisa.

Recoñece que está moi ben amortizar débeda, pero opón que é un disparate financeiro, endebedarse por máis cartos dos que se necesita a un tipo de xuro altísimo, e despois amortizar anticipadamente ese préstamo que ven de pedirse.

Ao ano seguinte o concello remata cun remanente positivo de tesourería de 1,8 millóns de euros, cun superávit de 17,6 millóns de euros. De onde sae un superávit de 17,6 millóns de euros? pois evidentemente dese crédito que se pediu e que non facía falta.

Nos exercicios seguintes 6 millóns e 6 millóns, que é o que acontece neste último exercicio, o Partido Popular dáse conta que lle ía volver pasar o mesmo, que volverá a quedar tanto diñeiro sen gastar e o que fai é amortizar anticipadamente catro millóns de euros, para que o remanente de tesourería quede en 1,7 millóns, e non en máis de 5 millóns de euros, que sería o que quedaría senon se fixera esa amortización anticipada de débeda.

Din que rematou o plan axuste e deciden aparcalo. Isto é a mellor proba de que a situación do concello non era nin moito menos a que o Partido Popular lles quería facer crer, e engade que foi un plan de axuste tremendamente inxusto, e tremendamente innecesario.

A seguir di que prometen en abril, a seis semanas das eleccións municipais parte importante do que non cumpriron nos catro anos anteriores. Ao respecto di que a xente dende logo parva non é, e di que con maquillar as cifras e con gastar moitísimo diñeiro en publicidade, non chega, cómpre xestionar que foi do que máis se careceu durante estes anos.

Dixeron que o exercicio presente é o que ten maior gasto social, e fai referencia a algo que tamén é moi significativo, referido á partida de propaganda na que se executou o 113%, e que supera, o que se se vai gastar na renda social. Iso é unha imaxe, e un retrato moi fiel de cales son as escalas de prioridades nese ano supostamente tan involucrado coas políticas sociais.

Verbo do nivel de execución indica que o Partido Popular no exercicio 2014 tivo a súa disposición máis de 30 millóns de euros para investimentos. Deses 30 millóns de euros, só foi capaz de executar o Partido Popular 6,7 millóns de euros. Esa é a realidade, 6,7 de 30 millóns de euros que había con dispoñibilidade para facer investimentos produtivos e moitísimas cousas que facían falta para a cidade. Indica que a conclusión diso, é un nivel de execución como dixo antes do 21,32%.

De seguido, toma a palabra o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Expón que os números non se poden trucar, que se está a esquecer, na segunda metade do ano 2011 tiñan practicamente todo o conxunto dos ingresos froito dos impostos e das taxas sen cobrar, e polo tanto o resultado foi que tiñan 1,4 millóns de euros de remanente negativo de tesourería, e pediron un crédito oito veces esa cantidade. Parécelle que é a primeira vez que neste concello un goberno se endebeda ao longo prazo para pagar gasto corrente.

Apunta que con respecto ao tema do pago aos provedores, reduciron o tempo a aqueles aos que lles pagan. O 31 de decembro, tiñan 11.330.000 euros que pagar a provedores, mentres tiñan 9.600.000 euros en caixa. É dicir, nun momento de crise económica co que está a pasar cos negocios en Santiago, co que está a acontecer co comercio en Santiago, tendo máis de nove millóns e medio en caixa, teñen 11.300.000 que lles deben aos provedores. Iso é o que os comerciantes desta cidade lle poden agradecer a xestión do Partido Popular neste goberno.

Continúa a dicir que non poden crer estes datos, porque non poden crer o que lles plantexan. Pregúntase cal é a situación financeira cando triplican os saldos de dubidoso cobro con respecto aos gobernos progresistas, particularmente en 2011, 15 millóns de euros de dubidoso cobro, e pide que lles digan a qué subvencións está o goberno do Partido Popular a renunciar.

Pregunta a qué achegas da Unión Europea, qué achegas do Estado, ou a qué achegas da Xunta de Galicia, están a dicir que non, para plantexar quince millóns de euros de dubidoso cobro.

Apunta que plantexaron ademais entre outras cousas un crédito extraordinario para financiar os intereses por sentenzas, e pregunta como é posible, que non o tiveran previsto no orzamento. Son sentenzas en procedementos xudiciais en materia salarial. Di que é moi probable que estean a falar de todos os xuízos perdidos, dos incentivos á xubilación. Como é posible que a estas alturas aínda non saiba o pleno, canto esta a custar a asesoría xurídica de Garrigues, que está a perder sistematicamente todos os xuízos e encima se teñen que pagar as costas. Pide explicación ao respecto se queren ser transparentes cando se esta xa ao remate a 44 días das eleccións.

Con respecto ao tema de publicidade non quere entrar nos gastos, porque a partir do 25 de maio van coñecer de verdade, canto gastou este goberno do Partido Popular en publicidade.

Apunta que quere facer dous comentarios con respecto a algúns dos investimentos que pensan facer, un ten que ver con Carreira do Conde.

En Carreira do Conde para o tema dos contedores, pensa que o proxecto da Carreira do Conde era da Xunta de Galicia, e que o financiaba a Xunta de Galicia. A súa dúbida é como é que agora o concello ten que facer achega. Pregunta ao respecto se chegaron a un nivel de subordinación do Concello á Xunta de Galicia, que agora é un apéndice orzamentario da Xunta de Galicia. O mesmo se pode dicir con respecto ao gasto da intermodal, cando no protocolo non aparecía para nada unha achega económica do concello. Pregunta entón quen vai pagar unha parte da intermodal, e di se vai ser o peto dos veciños de Santiago de Compostela.

Con respecto ao tema do womex, di que eles non están para nada en contra do tema do womex, pero gustaríalles saber se o ano pasado o financiou a Xunta de Galicia, e para poder ter dentro de dous anos o womex, gustaríalles saber cal vai ser a achega da Xunta de Galicia e tamén a porcentaxe de gasto que vai ter o concello a respecto do da Xunta de Galicia.

Remata dicindo que o voto do Partido Socialista, para estes tres puntos vai ser de abstención, porque non queren entrar a discutir as prioridades dos investimentos que se plantexan, pero consideran inaceptable dende o punto de vista técnico aprobar estas propostas que fan.

Para responder, toma a palabra de novo ao **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda.**

Pensa que o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, non entendeu. Clarexa que non é que o goberno do Partido Popular se endebede en 12 millóns de euros porque quere, é que o goberno do Partido Popular cando chega ao goberno débense dezaioito millóns de euros aos provedores e hai que pagalos e o goberno do Estado sacou un Real Decreto que obrigaba a todos os concellos de España que tiñan débedas con provedores a contraer un préstamo co ICO, sen poder negociar o xuro. O que fixeron foi cumprir o Real Decreto, porque non había outra maneira de facelo, e iso derivou na necesidade de facer o plan de axuste, que era obrigatorio para contraer o préstamo ICO.

Tanto o préstamo ICO como o plan de axuste derivan da débeda a 1 de xullo de 2011, de 18 millóns de euros de pago a provedores, co cal o goberno do Partido Popular non se endebeda para facer investimento, endebedase para pagar o que se debía a 1 de xullo. Pensa que ese punto queda suficientemente aclarado.

En canto aos gastos de publicidade, aos que se refiren constantemente, di que no ano 2007 os gastos en publicidade foron 600.000 euros; 2008 gastos en publicidade 555.000 euros; 2009 gastos en publicidade 700.000 euros, 2010 gastos de publicidade 500.000 euros; total gastos de publicidade nese mandato 2 millóns de euros; Ao respecto di que neste foron 30% menos, polo que, neste aspecto tamén está claro, quen reduciu o gasto de publicidade e quen gastou de máis.

Verbo da partida, para xuros en materia de persoal, di que se trata de decisións anteriores de traballadores anteriores ao goberno do Partido Popular, polo que están a pagar, tamén, o que herdaron.

Como partida de gastos de xuros, hai unha partida de 1,6 millóns de euros no capítulo 3. Outra cousa é que esta partida o que se fai é transferir directamente ao departamento de persoal para que elas teñan nos seus créditos dita partida.

En canto ao que comentaba do nivel de execución, insiste, en que unha cousa é o crédito que está consignado inicialmente, e o que se executa, e outra cousa son os 30 millóns aos que se refire, que non son créditos iniciais, senón incorporación de remanentes de proxectos que veñen de moitos anos atrás. Polo tanto, eles non poden computar como

nivel de execución, proxectos que veñen do ano 2007, do ano 2009 como urbana norte, etc.

Respecto ao comentado sobre Carreira do Conde, polo voceiro do Partido Socialista di que se trata de complementar a obra que fai a Xunta de Galicia. O concello pon esa cantidade, para atender demandas dos veciños, neste caso, os contedores.

En canto á intermodal, di que hai orzamentado un investimento plurianual de 3 millóns de euros no orzamento que son para actuacións complementarias diferentes ás que vai realizar o Ministerio e que anunciou o alcalde fai escasamente unha semana.

Verbo dos saldos de dubidoso cobro, o que se fai é un exercicio responsable, o que non fan é gastar os saldos que non teñen pensado ingresar, e que son de dubidoso cobro, tal cual establece a Lei de Facendas Locais.

Polo tanto, pensa que quedan aclarados todos os pormenores. Por outra banda, di que non entende como é posible que diga que non se está a pagar aos provedores. Refírese, neste sentido ao último informe do Ministerio de xaneiro do 2015, 15 e 27 días prazo de pago en xaneiro de 2015.

Remata dicindo que son actuacións positivas para a cidade, que non entende nin a abstención, nin o voto en contra, cando se está a falar de actuacións positivas para a cidade, como é a pavimentación de vías públicas 800.000 euros; promoción do comercio; proxectos para a Cámara de Comercio; Centros socioculturais, etc.

Por iso, solicita o voto favorable.

Rematada a quenda de intervencións, sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

|                                                                                                                   |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Votos a favor: 13 grupo popular</b><br><b>Votos en contra: 3 BNG</b><br><b>Abstencións: 9 grupo socialista</b> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

Xa que logo, o Pleno da Corporación, visto o informe-proposta transcrito, máis o informe de intervención núm. 154/2015, de 16 de marzo de 2015, por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, 6 abstencións correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 3 votos en contra correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG, e de conformidade co Ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa reunión do día 9 de abril de 2015, acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o crédito extraordinario número 2015-CREXT-00 por importe global de 254.602,50 euros. Esta modificación de crédito financiarase con baixas por anulación, procedentes de ingresos afectados diversos e de recursos propios da anualidade do orzamento 2015, de conformidade co disposto nos artigos 177.4 do texto refundido da lei reguladora de Facendas Locais, aprobado mediante Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 36.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de Abril.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación:

| PARTIDA INCREMENTADA | DENOMINACIÓN                                                        | PROXECTO        | IMPORTE           |
|----------------------|---------------------------------------------------------------------|-----------------|-------------------|
| 080-92001-62600      | EQUIPAMENTOS INFORMÁTICOS.<br>INVESTIMENTO EN HARDWARE              | 2015-2-INFOR-24 | 157.263,71        |
| 070-43200-64100      | APLICACIÓNS INFORMÁTICAS.<br>INVESTIMENTO EN SOFTWARE INNOVACIÓN    | 2015-2-INNOV-25 | 85.584,85         |
| 070-24100-62300      | FOMENTO DO EMPREGO. MAQUINARIA,<br>INSTALACIÓNS TÉCNICAS E UTILLAXE | 2014-3-OBRA-14  | 11.753,94         |
| <b>TOTAL</b>         |                                                                     |                 | <b>254.602,50</b> |

B) Financiamento: Baixas por anulación doutras aplicacións orzamentarias: 254.602,50 €

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA           | DENOMINACIÓN                                                                              | PROXECTO        | IMPORTE           |
|-----------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|-------------------|
| 050 15100 61900                   | Urbanismo. Outros investimentos de reposición de Infraest. e bens destinados ao uso xeral | 2014 2 HUMUR 21 | 242.848,56        |
| 070 24100 22606                   | Fomento do Emprego. Reunións, conferencias e cursos                                       | 2014 3 OBRA 14  | 11.753,94         |
| <b>TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN</b> |                                                                                           |                 | <b>254.602,50</b> |

C) Resumo:

| EXPRESIÓN                                                 | IMPORTE          |
|-----------------------------------------------------------|------------------|
| 1.- Total crédito extraordinario.....                     | 254.602,50 euros |
| 2.- Financiamento                                         | 254.602,50 euros |
| a) Novos ingresos.....                                    |                  |
| b) Baixas por anulación.....                              |                  |
| c) Remanente de tesourería afectado a gastos de inversión |                  |
| 3.- Financiamento igual a habilitación.....               | 254.602,50 euros |

**SEGUNDO:** A exposición ao público do expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resume por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

#### **4. APROBACIÓN DOS EXPEDIENTES DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO N° 2015-SUPLE-01 E EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO N° 2015-CREXT-01.**

O informe-proposta, de data 6 de abril de 2015, da directora da área de Facenda e Orzamentos, conformado coa mesma data polo Concelleiro Delegado da Área de Facenda é do seguinte teor literal:

“REF: 43/2015

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO N° 2015-SUPLE-01 PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SUSTENTABLES EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 32 DA LOEP E DISP. ADICIONAL 16ª DO TRLRFL 2/2004, FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO, POR IMPORTE DE 289.466,71 EUROS E PARA OUTROS GASTOS FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN DOUTRAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS, POR IMPORTE DE 1.494.446,49 EUROS, E EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO N° 2015-CREXT-01 PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SUSTENTABLES EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 32 DA LOEP E DISP. ADICIONAL 16ª DO TRLFL 2/2004, FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO, POR IMPORTE DE 1.148.411,66 EUROS E PARA OUTROS GASTOS FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN DOUTRAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS, POR IMPORTE DE 229.946,00 EUROS.

Visto que a DA 9ª do Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira, na súa DA 9ª, prorroga, para o ano 2015, a DA 6ª da LOEP, que permite destinar o superávit a investimentos financeiramente sustentables cunha serie de requisitos.

Unha vez verificado o cumprimento dos ditos requisitos (achégase Informe de sustentabilidade do Director de Área de DUS, e Memoria que transcribe o dito Informe).

**Logo de ver os seguintes Informes-propostas e propostas que forman parte do expediente**

1. Informe-proposta de acordo de Crédito extraordinario 2015-CREXT-01 e Suplemento de crédito nº 2015-SUPLE-01, asinado polo Director de área de DUS (centro xestor 07), e Proposta da Concelleira delegada da Área de DUS, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 16 de marzo de 2015.
2. Informe-proposta de acordo de Suplemento de crédito nº 2015-SUPLE-01, asinado polo director de centros socioculturais, relacións veciñais, xuventude e festas (centro xestor 19), e Proposta da Concelleira delegada de Educación e Xuventude, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 16 de marzo de 2015.
3. Informe-proposta de acordo de Suplemento de crédito nº 2015-SUPLE-01, asinado pola xefa de servizo de Servizos Sociais (centro xestor 20), e Proposta da Concelleira delegada de Servizos Sociais, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 16 de marzo de 2015.
4. Informe-proposta de acordo de Suplemento de crédito nº 2015-SUPLE-01, asinado polo técnico de cultura (centro xestor 23), e Proposta da Concelleira delegada de Cultura e Patrimonio, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 16 de marzo de 2015.
5. Informe-proposta de acordo de Crédito extraordinario 2015-CREXT-01, asinado polo director da Banda de Música (centro xestor 24), e Proposta da Concelleira delegada de Cultura e Patrimonio, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 16 de marzo de 2015.
6. Informe-proposta de acordo de Crédito extraordinario 2015-CREXT-01, asinado polo director de centros socioculturais, relacións veciñais, xuventude e festas (centro xestor 26), e Proposta da Concelleira delegada de Cultura e Patrimonio, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 16 de marzo de 2015.
7. Informes-proposta de acordo de Suplemento de crédito nº 2015-SUPLE-01, asinados polo xefe de servizo da OCHIR (centro xestor 28), e Propostas da Concelleira delegada de Cultura e Patrimonio, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 16 de marzo de 2015.
8. Informe-proposta de acordo de Suplemento de crédito nº 2015-SUPLE-01, asinado polo director de centros socioculturais, relacións veciñais, xuventude e festas (centro xestor 29), e Proposta da Concelleira delegada de Cultura e Patrimonio, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 16 de marzo de 2015.

9. Informe-proposta de acordo de Suplemento de crédito nº 2015-SUPLE-01, asinado polo técnico en xestión deportiva (centro xestor 30), e Proposta da Concelleira delegada de Servizos Sociais, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 17 de marzo de 2015.

10. Informe-proposta de acordo de Suplemento de crédito nº 2015-SUPLE-01, asinado pola técnica responsable de Comercio (centro xestor 31), e Proposta da Concelleira delegada de Economía, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 16 de marzo de 2015.

11. Informes-proposta de acordo de Crédito extraordinario 2015-CREXT-01, asinados pola técnica responsable de Promoción Económica (centros xestores 33 e 34), e Propostas da Concelleira delegada de Economía, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 16 de marzo de 2015.

12. Informes-proposta de acordo de Suplemento de crédito nº 2015-SUPLE-01, asinados pola técnica responsable de Promoción Económica (centros xestores 33 e 34), e Propostas da Concelleira delegada de Economía, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 16 de marzo de 2015.

13. Informe- proposta da Directora da Área de Facenda, de data 17 de marzo de 2015

Logo de ver que, segundo os informes que obran no expediente motivase que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

**Logo de ver o resto da documentación que forma parte do expediente:**

Informe de sustentabilidade dos investimentos propostos, de data 16 de marzo de 2015 do Director da Área de DUS, e Memoria do Concelleiro delegado de Facenda que transcribe o dito Informe, e na que se contén a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse dos investimentos no horizonte da súa vida útil.

De conformidade co establecido no artigo 12.1 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2014, esta Dirección de Área, dacordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

Propón que polo concelleiro delegado de facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo para o seu posterior traslado ó Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

**PRIMEIRO:** aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2015-SUPLE-01 para investimentos financeiramente sustentables en cumprimento do artigo 32 da LOEP e DISP. ADICIONAL 16ª do TRLRFL 2/2004, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello, por importe de 289.466,71 euros e para outros gastos financiado con baixas por anulación doutras aplicacións orzamentarias, por importe de 1.494.446,49 euros, e expediente de crédito extraordinario nº 2015-CREXT-01 para investimentos financeiramente sustentables en cumprimento do artigo 32 da LOEP e disp. adicional 16ª do TRLFL 2/2004, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello, por importe de 1.148.411,66 euros e para outros gastos financiado con baixas por anulación doutras aplicacións orzamentarias, por importe de 229.946,00 euros

